

ORDENANZA Nº 13

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito impoñible deste tributo, as actividades de prestación dos seguintes servizos:

- a. Extinción de incendios de toda clase, realizada polo Servizo Municipal con persoal e material do mesmo.
- b. Prevención de incendios, ruínas e outros riscos graves e inminentes para persoas e bens.
- c. Auxilios, salvamentos e recuperacións de persoas e bens con ocasión dos servizos sinalados nos apartados anteriores ou doutras situacións de perigo como afundimentos, asolagamentos, explosións, derrubos e cando o soliciten as persoas interesadas.

ARTIGO 2.- SERVIZOS OBRIGATORIOS.

Será obrigatoria a prestación dos servizos nos casos de risco grave e inminente conforme ao disposto na normativa urbanística, de policía e protección civil e cando ordenen as autoridades competentes por razóns de seguridade pública.

ARTIGO 3.- NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA.

A obriga tributaria xorde da utilización ou prestación dos servizos devanditos, o devengo prodúcese coa orde de intervención ou requirimento das persoas interesadas, aínda que non o solicitase persoalmente o suxeito en situación de perigo na súa persoa ou bens.

ARTIGO 4.- SUXEITOS PASIVOS.

1. Serán contribuíntes deste tributo, respondendo solidariamente, as persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que estean nalgún dos supostos seguintes:

- a. Os solicitantes do servizo que resulten especialmente beneficiados polo mesmo, sexan alugueiros, posuidores ou ocupantes dos lugares ou bens nos que se produza o risco motivador.
- b. Os donos ou propietarios dos bens nos que se produza o risco ou sinistro motivador, cando os informes técnicos amosen que non estaban dotadas das debidas condicións de seguridade para prever e atenuar o sinistro, agás se este fose causado por culpa ou negligencia dun usuario.
- c. As persoas causantes do risco ou sinistro que pola súa actuación ou negligencia obriguen á prestación do servizo.

2. Serán substitutos do contribuínte nesta taxa, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

ARTIGO 5.- NON SUXEIÇÃO.

Non están suxeitos á taxa regulada na presente Ordenanza os servizos prestados dentro do termo municipal agás as intervencións dos bombeiros onde haxa substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables. Igualmente estarán suxeitas ao pagamento destas taxas as intervencións en establecementos nos que non se teña verificado as condicións de prevención de incendios por carecer de licenza de actividades.

ARTIGO 6.- BASES TRIBUTARIAS.

As bases deste tributo veñen determinadas polo tempo empregado na intervención ou servizo xunto co persoal e material utilizado no mesmo.

ARTIGO 7.- TARIFAS.

1. Os servizos prestados dentro do termo municipal serán gratuítos, agás que se dean as condicións sinaladas no apartado 3 deste artigo. Neste caso serán de aplicación para o cálculo da cota os apartados 2.1, 2.2 e 2.3 e 3 sucesivamente.

2. Aos servizos realizados fóra do termo municipal, aplicarase unha tarifa de 0,60 €/km e vehículo máis as tarifas que correspondan das seguintes:

- | | |
|---|-----------|
| 2.1 Por cada bombeiro..... | 30 €/hora |
| 15 € por cada 1/2 hora ou fracción | |
| 2.2 Por cada vehículo lixeiro sen grupo de bomba..... | 40 €/hora |
| 20 € por cada 1/2 hora ou fracción | |

2.3 Por cada vehículo de intervención con grupo de bomba...100€/hora
50 € por cada 1/2 hora ou fracción

2.4 Por cada vehículo de rescate en altura.....250 €/hora
125 € por cada 1/2 hora ou fracción

A efectos do cómputo do tempo do servizo terase en conta dende a hora de saída dos efectivos do Parque ata a hora de chegada ao mesmo. A cota resultante da aplicación desta tarifa inclúe tódolos gastos ordinarios precisos para a intervención, os extraordinarios poderán dar lugar a unha valoración adicional.

3. Nas intervencións dos bombeiros onde haxa substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, recargarase a cota resultante dos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4 nun 100%.

ARTIGO 8.- NORMAS DE PROCEDIMENTO.

O pago desta taxa realizarase polos suxeitos pasivos da mesma, polo procedemento de autoliquidación na Recadación Municipal ou entidades bancarias cobradoras.

O persoal do Servizo de Bombeiros estenderán un parte en impreso normalizado no que fará constar, como mínimo, nome e apelidos e DNI ou CIF da persoa solicitante do servizo, domicilio, teléfono, nome e apelidos e DNI e domicilio do propietario da finca, motivo da actuación, a hora de chegada ao lugar e a hora de abandono do mesmo. O parte debe ser asinado polo solicitante e a persoa que realice o servizo. Este parte será á vez impreso autoliquidación da taxa, no que constarán ao dorso as tarifas de aplicación. O impreso será cuadruplicado e deberán entregarse dous exemplares ao solicitante e remitir un á Administración de Tributos para control.

Os contribuíntes deberán ingresar a cota por autoliquidación no prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte da prestación do servizo. Gozarán dunha redución do 25% se o ingreso se produce no prazo de dez días seguintes á prestación do servizo. Transcorridos os trinta días a que se refire o parágrafo anterior, a Inspección de Tributos levantará acta por infracción grave.

ARTIGO 9.-

1. Previo requirimento das autoridades competentes poderase acudir a un sinistro localizado noutro concello da zona, sempre e cando o Xefe

do Servizo de Extinción de Incendios de Vigo estime que a cidade queda atendida cos mínimos suficientes.

2. Serán responsables solidariamente das taxas devengadas o Concello respectivo e o propietario do lugar sinistrado.

ARTIGO 10.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

En materia de infraccións e sancións tributarias estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello no que non se opoña a lexislación tributaria vixente.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

1ª. No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicacións as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓNS B.O.P.:	23 DE DECEMBRO DE 1992
	30 DE DECEMBRO DE 1996
	30 DE DECEMBRO DE 1999
	27 DE DECEMBRO DE 2000
	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	26 DE DECEMBRO DE 2002
	30 DE DECEMBRO DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	7 DE DECEMBRO DE 2005
	30 DE DECEMBRO DE 2006
	10 DE DECEMBRO DE 2007
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	14 DE DECEMBRO DE 2010
	22 DE NOVIEMBRE DE 2011
	21 DE DECEMBRO DE 2012